



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

*CURSO 2019 / 2020*

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901**

**ETAPA: PRIMARIA**

**CURSO: 3º**

**MATERIA: LINGUA GALEGA**

**DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO**

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO**

Terra de Souto, s/n  
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

<b>ÍNDICE</b>	<b>PÁXINA</b>
<b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.</b>	3
<b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.</b>	4
<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE</b>	4
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	5



## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<b>B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.</b>	<b>LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe. Competencias clave: CCL – CAA.</b>
<b>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados</b>	<b>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. Competencias clave: CCL - CD – CSC.</b>
<b>B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.</b>	<b>LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. Competencias clave: CCL – CAA.</b>
<b>B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.</b>	<b>LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade. Competencias clave: CCL.</b>
<b>B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</b>	<b>LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). Competencias clave: CCL.</b>
<b>B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</b>	<b>LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal. Competencias clave: CCL - CSC - CCEC - CAA – CSIEE.</b>
<b>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos.</b>	<b>LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</b> <b>LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo. Competencias clave: CCL – CAA.</b>
<b>B5.2. Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.</b>	<b>LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil. Competencias clave: CCL- CCEC - CD</b>



## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario, esforzo e as tarefas realizadas no seu caderno de clase; xa que as tarefas da aula virtual están a facelas en ditos cadernos.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo e o caderno de tarefas realizadas, para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula virtual.</i>
<b>CUALIFICACIÓN FINAL:</b>	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final.</i>

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>ACTIVIDADES</b>	Realizaranse actividades de repaso e reforzo dos temas xa estudados. Ademais, avanzaremos e ampliaremos materia do 3º trimestre, abordando unicamente os contidos máis básicos e importantes de dito trimestre.
<b>METODOLOXÍA</b> ( <i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i> )	A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizado, e na medida das posibilidades de cada alumno/a. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	Os materiais e recursos a utilizar: <ul style="list-style-type: none"><li>- Os libros de texto e os cadernos de cada materia.</li><li>- Video-tutoriais por parte do mestre coas correspondentes explicacións ou correccións.</li><li>- Fichas de repaso e reforzo entregadas aos nenos mediante fotocopias.</li></ul>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n  
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

- Vídeos, arquivos , documentos adxuntos na aula virtual do centro.

#### 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO  
ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

*Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.*

PUBLICIDADE

*Publicación obrigatoria na páxina web do centro.*  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/>